

# Austria: na Europa de Haider

*Daniela Pichler*

**A**ustria. O país da emperatriz Sissí e dos Alpes, dunha harmonía sinxela e inxenua, onde naceron artistas tan magníficos como Wolfgang Amadeus Mozart, que contribuíron ao desenvolvemento dunha cultura rica e abondosa, sobre todo en tempos do Imperio Austrohúngaro baixo a monarquía dos Habsburgo, unha das familias máis poderosas da historia europea.

Tamén existe unha segunda imaxe de Austria. É o lugar de nacemento de Adolf Hitler e da maioría das súas ideas antisemitas. É onde Kurt Waldheim, que era membro das Seccións de Asalto<sup>(1)</sup> na Segunda Guerra Mundial, mesmo tras saberse a verdade sobre o seu pasado, foi elixido presidente da República polo pobo austríaco. E é a terra de Joerg Haider, un dos ultradereitistas máis coñecidos de Europa, o primeiro cuxo partido foi quen de formar parte dun goberno da Unión Europea, abrindo camiño a varios partidos europeos para acadar un papel importante nos gobernos nacionais dos países que forman parte da Unión.

A intención deste traballo é tratar de explicar estas e outras imaxes que existen arredor da “República de Austria”, que agora, coa ampliación da Unión Europea cara ao Leste do continente, terá un papel aínda máis importante no centro de Europa, por máis que nin dentro nin fóra do país se fale moito deste feito, outra característica significativa da “identidade austríaca”<sup>(2)</sup>.

## Unha ollada á historia

---

Para comprender a actual situación política de Austria, cómpre concentrarse primeiro no pasado máis traumático do país, na época da Segunda Guerra Mundial, e non só nos sete anos do repugnante réxime de Adolf Hitler, que naceu o 20 de abril de 1889 na cidade austríaca de Braunau, senón sobre todo no comezo da súa actuación política na Austria do ano 1938 e máis na percepción cidadá da anexión de Austria (o *Anschluss* do Reich alemán) despois da fin da Guerra<sup>(3)</sup>. Cando as tropas da *Wehrmacht* entraron no territorio austríaco a noite do 12 ao 13 de marzo de 1938, como primeiro país no plano estratéxico dos nacionalsocialis-


---

(1) Segunda Guerra Mundial: “a noticia de onte é a noticia de hoxe”, <http://www.exordio.com/1939-1945/personajes/hitler.html>.

(2) Falar sobre Austria e “os austríacos” resulta difícil, como sempre cando un fala dun país ou dun pobo enteiro, porque a xeneralización ignora as diferenzas que existen dentro dun determinado grupo de persoas que están denominadas baixo un mesmo nome. Por iso a imaxe e a percepción que poidan ter dun país forá del pode reflectir a unha maioría da poboación, pero está claro que as supostas características e certas opinións non son compartidas por todos os seus habitantes.

(3) *Arbeitskreis Shoa*, [http://www.shoa.de/p\\_adolf\\_hitler.html](http://www.shoa.de/p_adolf_hitler.html).

tas, non atoparon moita resistencia. Aínda que en 1943 Austria foi proclamada a primeira vítima de Hitler e das súas tropas<sup>(4)</sup>, os documentos históricos revelan que se trata dunha mentira en prol do pobo austríaco, unha versión da realidade que lles axudou a recuperarse en pouco tempo despois da fin da Guerra. En marzo de 1938, os austríacos, pola súa situación económica e política, esperaban que chegase un líder do talante de Adolf Hitler, porque nin os líderes políticos nin os habitantes crían que Austria podería sobrevivir como entidade soberana. Isto non quere dicir que toda Austria estivese a favor das crueldades dos nazis que se sucederon nos seguintes anos até o 1945, pero en 1938 non había nin manifestacións nin protestas significativas contra a anexión; todo o contrario, cando Hitler regresou a Viena, onde vivira entre 1907 e 1913, e saíu ao balcón do palacio da Hofburg, até a Primeira Guerra Mundial sede da monarquía dos Habsburgo, atopouse cunha praza chea de austríacos dándolle a benvida ao seu novo líder.



O Heldenplatz, no centro de Viena, ategado de austríacos agardando a chegada de Hitler<sup>(5)</sup>.

(4) En outubro de 1943 Gran Bretaña, a URSS e os Estados Unidos asinaron a declaración de Moscova, onde, entre outras cousas, se proclamaba o restabelecemento da independencia de Austria para acabar coa “ocupación” dos nacionalsocialistas.

(5) Museum of Tolrance: Multimedia Learning Center: <http://motlc.wiesenthal.com/albums/palbum/p00/a0012p3.html>.

## Vítima do “Hitlerismo”?

En 1938, Austria, como país, non se vía como vítima dos nacionalsocialistas alemáns, e a Hitler, a maioría dos austríacos non o vían como ditador, senón como salvador. A Segunda Guerra Mundial causou un inmenso número de vítimas en Europa e como consecuencia, no resto do mundo, e tamén houbo moitas vítimas en Austria pola política de “limpeza” racista, étnica e política da ideoloxía nacionalsocialista. Pero a gran maioría dos habitantes non foi vítima. A poboación de Austria estaba formada en maior parte por colaboradores activos, apaixonados nacionalsocialistas e millóns de persoas pasivas, que polo seu silencio apoiaron a política nacionalsocialista facéndose así responsabeis das súas consecuencias.

Este comportamento dos austríacos pódese entender mellor se lembramos que Austria lambía as súas feridas despois da Primeira Guerra Mundial polos Tratados de Saint Germain, que reduciron o outrora Imperio Austrohúngaro a un dos países máis pequenos e con menor importancia de toda Europa. A pobreza e os sufrimentos no orgullo nacional, xunto cun sentimento social de busca dunha explicación desta nova realidade, fixeron outro tanto. Ademais, o país atopábase nunha crise económica grave debido aos pagamentos da reconstrución, e máis nunha crise política que resultaba nos desexos de anexión ao Imperio alemán (e, no caso da provincia de Vorarlberg<sup>(6)</sup>, a Suíza). Na concepción do pobo austríaco, a situación económica durante a Guerra foi moito máis positiva que as situacións anterior e posterior á Segunda Guerra Mundial. Unha das frases máis típica da posguerra, que aínda hoxe en día se pode escoitar, era: “Baixo Hitler non sufrimos; os austríacos sufrimos despois”. De aí, os comentarios de Joerg Haider e compañía, que aínda atopan o seu apoio entre a poboación.

O que antes da Primeira Guerra Mundial era un imperio multinacional, en 1918 reducíase á oitava parte do seu territorio: Hungría e a antiga Checoslovaquia formaron estados soberanos e os demais territorios foron integrados en Italia, Polonia e Serbia. O que quedou era a parte alemá-falante da poboación, que foi declarada “República Democrática Alemá-Austríaca” despois da Primeira Guerra Mundial, e que se entendeu como parte do imperio alemán. Pero as Forzas Aliadas da Primeira Guerra Mundial impediron esta anexión austríaca por medio do Tratado de Saint Germain de 1919.

Toda esta situación favoreceu a construción dun estereotipo do culpábel, neste caso os xudeus, que supostamente se terían quedado cos recursos económicos do país, unha idea que gozaba de recoñecemento fóra de Austria. Velaí, a solución ofrecida por Hitler pareceulle á gran maioría dos austríacos a única solución posíbel.

Ademais, na súa tentativa da toma do poder, os nacionalsocialistas alemáns non se atoparon cun país democrático, porque desde 1934 Austria tiña unha constitu-

(6) Vorarlberg é unha das nove provincias *Bundeslaender* de Austria, xunto a Viena, Burgenland, Oberoesterreich (Austria Alta), Niederoesterreich (Austria Baixa), Steiermark, Salzburg, Kaernten (Carinthia) e Tirol.

ción fascista imposta polo chanceler Engelbert Dollfuss, e por máis que algúns analistas consideran a súa acción política como unha tentativa dos patriotas austríacos para protexer Austria dos nacionalsocialistas, foi, en realidade, o primeiro paso cara a debilitar á oposición política<sup>(7)</sup>. Pouco despois, Dollfuss foi asasinado polos nacionalsocialistas austríacos. A partir desta data a presión exercida por este grupo aumentou, até que, o 11 de marzo de 1938, o nacionalsocialista Arthur Seyss-Inquart se fixo co posto do chanceler.

Non quere isto dicir que non houbera ningunha forma de resistencia, porque houbo actos tanto en contra da anexión como durante os anos da guerra, pero a imaxe de Austria como vítima é simplemente incorrecta, a pesar da versión de posguerra promovida polos austríacos e polos Aliados, que facilitaron a difusión desta imaxe<sup>(8)</sup>. As vítimas austríacas, e cómpre non esquecerse delas, eran xudías, roma e *sinti*, homosexuais, minusválidos e políticos, que foron maltratados e asasinados nos campos de concentración como, por outra banda, nos demais países conquistados, onde se aplicaban as “medidas de limpeza” do réxime nazi.

## O renacemento da vítima

---

O que sucedeu despois de 1945 foi o seguinte: tanto os políticos austríacos como os Estados Unidos e os seus aliados europeos necesitaban unha Austria estábel e neutral, sobre todo pola súa posición estratéxica no centro de Europa. Os EEUU, Francia e Gran Bretaña non ían permitir que Austria formara parte da zona de influencia da Unión Soviética, e por iso precisaban dunha imaxe “limpa” do país. Os Estados Unidos apoiaron a Austria co Plan Marshall cara a integrar economicamente o país na súa esfera de influencia. E os austríacos viron a oportunidade<sup>(9)</sup>, e así esqueceron o feito de que o 99 por cento dos votos do referendo do 10 de abril de 1938 o foi en prol da adhesión<sup>(10)</sup>. Esqueceron tamén aos 70.000 cidadáns austríacos con ascendencia xudea que morreron nos campos de concentración a onde eran deportados, e non só aos 70.000 que morreron, senón tamén ao gran número de xudeus e demais “inimigos do pobo” –na terminoloxía nazi– que morreron até maio de 1945.

Así comezou a gran mentira da Austria de posguerra, que identificou Austria como primeira vítima de Adolf Hitler, e non como colaboradora. Por iso a maioría dos nacionalsocialistas austríacos, agás os que fuxiron e os poucos que foron detidos, foron liberados ao pouco tempo, e as verdadeiras vítimas non foron debidamente recoñecidas polas autoridades nin polas persoas que asumiron os postos políticos. Até

---

(7) Grigat Stephan: *Modell Österreich – von der agrarischen Semiperipherie zum ambitionierten Miniimperialsten, Jungle World*, 1998.

(8) Un pequeno grupo de activistas políticos, na súa maioría comunistas, organizaba esta resistencia política. Outras formas de resistencia estaban organizadas por persoas individuais que axudaban aos que estaban fuxindo da persecución nazi.

(9) Hoxe coñecido baixo o termo *Kollektive Entnazifizierung*, unha absolución para Austria como colectivo.

(10) Aínda que estas cifras foron facilitadas polas autoridades nazis.

1955, Austria –tamén a capital, Viena– foi dividida baixo o mandato das forzas aliadas en catro zonas (estadounidense, inglesa, francesa e rusa) e non foi até 1955 cando as tropas aliadas, ao saíren, lle deixaron a plena soberanía ao pobo austríaco e aos seus líderes políticos. Deste ano datan o *Staatsvertrag* de Austria<sup>(11)</sup> e a Declaración sobre a *Immerwährende Neutralität*<sup>(12)</sup>, que asegura a neutralidade permanente de Austria, un dos acordos históricos que ultimamente están a verse ameazados polo interese do goberno actual de entrar na OTAN.

A reintegración inmediata dos criminais nacionalsocialistas, que ao pouco tempo mesmo obtiveron o dereito a voto nas eleccións federais, influíu moito na escena política da Austria das últimas décadas, xa que moitas das súas convicións non desapareceron coa fin da Guerra.

Moita da riqueza económica de Austria ten a súa orixe na Segunda Guerra Mundial, concretamente nos traballadores estranxeiros que foron levados ao país entre 1938 e 1945 e que posibilitaron a modernización e o crecemento da economía austríaca.

Despois da Segunda Guerra, para unha gran parte da poboación aínda non quedaba claro que era esta Austria. A pesar dos movementos pro-monarquistas, que tentaron revivir a nostalxia do reinado dos Habsburgo, a maioría dos austríacos mantiña unha relación ambivalente co seu país. O que finalmente logrou unir ao país foi a vontade común de desfacerse da presenza das forzas aliadas e tamén o mito da resistencia austríaca contra a anterior ocupación nacionalsocialista, que en realidade era obra dun pequeno grupo de comunistas. Esta sorte de “austropatriotismo”, que estaba apoiado polos aliados, foi a medida axeitada para desfacerse da imaxe nacionalsocialista. E os éxitos económicos nas décadas posteriores á Guerra contribuíron tamén ao xermolar do nacionalismo na cidadanía.

## Cumprir cun deber

A pesar do seu impacto na economía, os dous sucesos políticos máis rechamantes da recente historia austríaca están vencellados ao seu pasado. O primeiro foi a crise que provocou o pasado do ex secretario xeral da ONU Kurt Waldheim, oficial do exército alemán durante o réxime nazi.

De feito, Kurt Waldheim, cuxo pasado foi revelado durante a súa campaña electoral para as eleccións presidenciais de 1986, predeu a dúbida, por vez primeira de xeito público nun ámbito internacional, sobre a teoría de Austria como vítima dos nacionalsocialistas alemáns, cando dixo que durante a guerra non fixera nada máis que o mesmo que centos de milleiros de austríacos: cumprir co seu deber. Desgrazadamente, esta declaración non provocou, como todo o mundo agardaba, o rexeitamento ao candidato do Partido Popular, senón a solidariedade e o apoio electoral dos

(11) Tratado Estatal Austríaco, asinado polas catro potencias aliadas.

(12) Austria proclamou a súa neutralidade permanente e renunciou a adherirse a calquera alianza militar.

austriacos nas eleccións presidenciais. As acusacións contra Waldheim foron percibidas como acusacións contra toda Austria, e así os austríacos solidarizáronse con Waldheim, considerando, unha vez máis, a Austria como vítima de ambicións estranxeiras.

Malia que, por vez primeira na historia de Austria, os Estados Unidos lle prohibiron a un presidente da República o acceso ao seu país, e malia os resultados da comisión internacional que revelou a participación de Waldheim en varias accións que axudaron a aplicar as accións de limpeza racista<sup>(13)</sup>, o presidente non tivo que renunciar, porque contaba co apoio do pobo austríaco.

Mantívose até o ano 1993, cando un líder político austríaco, o chanceler Franz Vranitzky do Partido Socialdemócrata, asumiu a responsabilidade austríaca polos crimes cometidos na Segunda Guerra Mundial e causou unha conmoción cando afirmou que Austria fora aliada voluntaria dos nazis e que, como tal, era responsábel do Holocausto<sup>(14)</sup>.

### Tradición e cambio no sistema partidario

O segundo escándalo comezou en 1986 e aínda non rematou. Cando Joerg Haider foi elixido líder do Partido Liberal Austríaco, fundado en 1956 por Anton Reinthaller, este partido converteuse, aínda máis ca antes, nun receptáculo de antigos nazis e de novos ultradereitistas.

Desde entón, o Partido Liberal é o partido capaz de absorber aqueles sectores da sociedade austríaca non representados polos partidos tradicionais (o Partido Popular e o Partido Socialdemócrata). Joerg Haider, que no momento de escribir estas liñas non é o líder oficial do partido, pero do que é sen dúbida líder ideolóxico desde 1986, soubo transformar este partido minoritario<sup>(15)</sup> na segunda forza máis importante do país. O 3 de outubro de 1999 o Partido Liberal atinxiu un resultado até entón único na súa historia e, con máis do 27 por cento dos votos, foi o segundo partido máis votado.

#### Eleccións ao Parlamento, 3 de outubro de 1999

Nome	Abreviatura	Votos	%	Mandatos
Partido Socialdemócrata	SPÖ	1.532.448	33,15%	65
Partido Liberal	FPÖ	1.244.087	26,91%	52
Partido Popular	ÖVP	1.243.672	26,91%	52
Os Verdes	GRÜNE	342.260	7,40%	14
Foro Liberal	LIF	168.612	3,65%	
Partido Comunista	KPÖ	22.016	0,48%	

Fonte: Ministerio do Interior.

(13) Zeitgeschichte Information System: Die Affaere Waldheim, <http://zeit1.uibk.ac.at/quellen/gehler1.htm>.

(14) Fundación Memorial de Holocausto: Después de un largo silencio, Austria y el legado del Holocausto, <http://www.fmh.org.ar/revista/21/austria.htm>.

(15) Österreichischen Zeitschrift für Politikwissenschaft: Die FPÖ in der Vergleichenden Politikwissenschaft, 2002.

Os sucesos seguintes, o fracaso do Partido Socialdemócrata para formar unha coalición co Partido Popular e a aspiración á Chancelaría de Wolfgang Schuessel –que finalmente conseguiu– déronlle paso á coalición entre Partido Liberal<sup>(16)</sup> e o Partido Popular, o terceiro partido máis votado nestas eleccións.

Pero este cambio na tradición política austríaca non foi provocado pola popularidade de Haider. Ten as súas orixes nos anos cincuenta, na política dos dous partidos tradicionais de posguerra, e na capacidade de absorción do Partido Liberal das persoas que quedaron “fóra” desta política. Un sistema chamado *Proporz* dominou a vida política e económica de Austria nos cincuenta anos posteriores á Segunda Guerra Mundial e dividiu á poboación austríaca en “os negros” (do Partido Popular) e “os roxos” (Partido Socialdemócrata).

En termos políticos isto deu lugar a unha serie de “grandes coalicións” entre os dous partidos e, no caso de maioría absoluta, a unha oposición tácita. Económica-mente, o sistema funcionaba igual. Cada posto, tanto no ámbito oficial como no da economía estatal, que daquela representaba gran parte da economía austríaca, repartiuse segundo este sistema: un posto para un partidario socialdemócrata, e o seguinte para os populares. Despois da guerra, a idea da reconstrución da economía, que foi compartida polos austríacos, permitiu este mecanismo, pero as seguintes xeracións comezaron a rexeitala. Así, un número de persoas quedou “fóra do sistema” e, como consecuencia, sen representación política. Desde finais dos anos 80 este número deu en aumentar continuamente. Ao mesmo tempo, a influencia do partido de Joerg Haider creceu porque moitos cidadáns que non se sentían representados comezaron a “votar ao home” que lles prometeu acabar co sistema de *proporz* e dedicarse ás necesidades do “home común”.

Aínda que a práctica daqueles anos de grandes coalicións debe ser criticada con toda razón, o sistema da *Sozialpartnerschaft* garantiu un modelo de cooperativismo que asegurou a influencia dos traballadores e das súas necesidades na política, á vez que posibilitou un Estado do Benestar forte<sup>(17)</sup>. Este sistema comezou a cambiar desde a famosa coalición entre o Partido Popular e o Partido Liberal: aínda que os que apoiaron ao Partido Liberal esperaban unha mellora na situación dos traballadores, aconteceu xusto o contrario, pois a política do goberno de Wolfgang Schuessel orientábase a un entendemento neoliberal da xestión do estado. É dicir, o sector público e os servizos sociais sofren un recorte forte que resulta nunha desaparición do estado do benestar. Os sindicatos e asociacións de traballadores están perdendo influencia, e a maioría das empresas estatais, que durante anos garantían o emprego a milleiros de persoas, foron privatizadas.

O Partido Liberal ten un carácter distinto, porque é un partido populista de dereitas que reclama representar e mobilizar “ao pobo” contra as elites, e ademais

(16) En 1983 o Partido Liberal xa tiña formado parte dunha coalición, apoiando ao goberno formado polos socialdemócratas.

(17) Grigat Stephan: *Modell Österreich – von der agrarischen Semiperipherie zum ambitionierten Miniimperialsten*, Jungle World, 1998.

emprega a defensa da identidade austríaca para lexitimar as súas opinións racistas e anti-inmigración, como outros partidos europeos, por exemplo a Liga Norte (Italia) ou a Fronte Nacional (Francia). Ao contrario que outros partidos populistas da extrema dereita, o Partido Liberal é un partido tradicional, e esta tradición ten a súa orixe no NSDAP, o Partido Nacionalsocialista Alemán dos Traballadores<sup>(18)</sup>.

## Joerg Haider: Só un populista?

Existen moitas opinións sobre o fenómeno Haider, pero cómpre aclarar que o problema non so é a “forza” de Joerg Haider, senón, en primeiro lugar, a debilidade dos demais partidos e líderes políticos.

Nos anos 80 e 90 o populista Haider tiña o xogo doado contra os partidos “tradicionais”, que esqueceran a súa ideoloxía e tiñan repartido o poder e os recursos económicos entre eles, presentándolle aos cidadáns as mesmas ideas e opcións. “A persoa” Joerg Haider ten unha capacidade abraiante de actuar, convencer e pórse no centro de atención. E aínda que lle encanta transmitir a imaxe de ser un “home do pobo”, o representante do “home común”, a súa formación académica e, sobre todo, a súa capacidade económica están moi por riba da media austríaca. Non obstante, sabe formular as cousas tal e como a xente quere escoitalas, ademais de saber enlear cos medios de comunicación para que funcionen ao seu favor. O periódico máis influínte de Austria<sup>(19)</sup> apoiou durante moitos anos a carreira de Haider e mesmo os medios de comunicación que pola súa proximidade a outros partidos políticos rexeitan a súa política, promóveno simplemente polo feito de manter a súa presenza continuamente nas noticias. As aparicións de Haider nos debates políticos de televisión garanten a cota máis alta de pantalla, e os xornalistas seguen todos os seus pasos coidadosamente. E a pesar das súas opinións antisemitas e dos seus encontros con Saddam Hussein, que foron rexeitados por gran parte dos austríacos, é unha persoa moi sociábel, que sabe chegar á xente mellor que ningún outro político austríaco. Dito doutra maneira, a Haider élle moi fácil presentarse e transmitir as súas mensaxes sinxelas e doadas de comprender, xa que ademais non se perde en discursos intelectuais propios doutros líderes políticos. Nas discusións, deixa aos demais políticos en branco, o que demonstra, unha vez máis, que a súa influencia non se debe á súa persoa, senón á incapacidade dos demais en opórsele, mesmo xogando o seu xogo.

Mais, daquela, quen é Haider? É sobre todo unha persoa á que lle gusta o poder, e un populista *par excellence*, que nin sequera posúe gran carga de ideoloxía política, porque é quen de cambiar de opinión nun instante, só para acadar máis poder e con máis forza. Agora ben, aínda que está disposto a cambiar de opinión respecto á maioría dos temas segundo como sopra o vento, o antisemitismo e un racismo fondo forman parte do seu catálogo político, e, daquela, tamén do seu partido.

(18) Österreichischen Zeitschrift für Politikwissenschaft: Die FPÖ in der Vergleichenden Politikwissenschaft, 2002.

(19) *Neue Kronen Zeitung* cunha porcentaxe do 43 por cento dos lectores austríacos.

O feito de que sexa un populista tamén indica que canto di representa o que a xente quere escoitar, nun resultado case perfecto grazas ás súas virtudes comunicativas á hora de manipular á opinión pública utilizando os medos do cidadán común<sup>(20)</sup>.

### A tolemia de “Knittelfeld”

Este apoio electoral ten límites, como vimos nos resultados das eleccións que foron convocadas despois dunha ruptura da coalición entre o Partido Popular e o Partido Liberal provocada polo mesmo Haider, que xa non quería apoiar aos ministros do seu partido no Goberno Federal. No congreso extraordinario do partido de Knittelfeld, convocado por Joerg Haider, cando xa non era o líder oficial do partido, en setembro de 2002, tanto el como varios membros do partido anuláron o acordo de coalición entre o Partido Liberal e o Partido Popular, deixando aos ministros do propio partido sen o seu apoio; un día despois, estes ministros dimitiron dos seus postos e, ao día seguinte, o chanceler Schuessel reclamou a fin da coalición e convocou eleccións anticipadas. Nestas eleccións o Partido Liberal sufriu un estrepitoso fracaso:

#### Comparativa Eleccións ao Parlamento 2002-1999

Nome partido	Abreviatura	Porcentaxe votos		Mandatos	
		2002	1999	2002	1999
Partido Socialdemócrata	SPÖ	36,51%	33,15%	69	65
Partido Liberal	FPÖ	10,01%	26,91%	18	52
Partido Popular	ÖVP	42,30%	26,91%	79	52
Os Verdes	GRÜNE	9,47%	7,40%	17	14
Foro Liberal	LIF	0,98%	3,65%		
Partido Comunista	KPÖ	3,65%	0,48%		

Fonte: Ministerio do Interior.

Despois destas eleccións de novembro de 2002, o daquela chanceler Schuessel formou novamente unha coalición co Partido Liberal, cuxa influencia foi limitada ao mínimo por ter sido reducido a pouco máis dun terzo dos votos do ano 1999.

### Estereotipos e Prexuízos

Aínda que os austríacos xa non apoian a política do Partido Liberal, ou cando menos unha política que estea manexada desde Carinthia (onde Joerg Haider, a pesar do escándalo, foi reelixido recentemente como gobernador da provin-

(20) Foro Político Internacional, <http://foros.hispavista.com/politica.Intern/4736/>.

cia) os estereotipos que el creou e fortaleceu consérvanse. É dicir, os temas que arestora determinan a axenda política son aqueles promovidos por Haider, e mantéñense a pesar do rexeitamento electoral de 2002.

En primeiro lugar, o tema da inmigración segue a ser un dos máis importantes no discurso político do país, dentro e fóra do Partido Liberal. Nunha enquisa de opinión sobre a actitude cara aos estranxeiros realizada en outubro de 2000, un 59% afirmaba que os estranxeiros eran responsábeis da alta taxa de criminalidade en Austria<sup>(21)</sup>—que por certo é unha das máis baixas do mundo— opinión que permanece arraigada na poboación. Os prexuízos contra estranxeiros que lles “rouban os postos de traballo” aos austríacos forman parte certa do discurso habitual dunha parte da poboación. Non existe un racismo violento como en Alemaña, onde os neonazis lles prenden lume ás casas dos inmigrantes ou violan cemiterios xudeus, senón que é un racismo latente e verbal que se manifesta na maneira de ver as cousas. En Viena, a marxinalización dos inmigrantes é ben visíbel nos denominados “barrios turcos”, situados fóra do *Guertel*, o cinturón, que rodea os primeiros novos distritos da cidade e que tradicionalmente deixa á poboación pobre fóra desta zona “boa”.

Agora, coa ampliación da Unión Europea, o asunto volveu gañar importancia, e os austríacos non ven as oportunidades que lles ofrece esta apertura cara ao Leste, senón o perigo dunha suposta onda de inmigración. O tema da Unión Europea é delicado, sobre todo porque moitos austríacos non esqueceron aínda as sancións impostas pola UE contra Austria, cando, en 1999, o Partido Popular formou por primeira vez unha coalición co Partido Liberal. Estas sancións foron ilexítimas porque os resultados das eleccións lexislativas eran democráticos e a Unión non ten o dereito a inmiscuírse nos asuntos internos dos Estados Membros cando os seus habitantes deciden nas urnas cal é a súa preferencia política. Daquela, o verdadeiro resultado foi o crecemento duns sentimentos xa existentes contra a Unión como institución, algo que aconteceu non só en Austria, senón tamén noutros países da UE.

Esta desconfianza contra o que eran uns mecanismos incontrolábeis desde o punto de vista da poboación austríaca converteuse en desconfianza respecto a outras decisións, entre outras, a ampliación da Unión. Historicamente, moitos dos novos membros da Unión formaron parte do Imperio Austrohúngaro, e por iso aínda conservan un sentimento de proximidade cara a Austria. Pero iso debería ser interpretado por Austria como unha vantaxe, non como unha ameaza. Tanto cultural como economicamente, Austria podería tirar proveito desta oportunidade, no entanto, o tema non é debatido en profundidade polos líderes políticos, o que vén intensificar os prexuízos e medos que aniñan na poboación. O deber do actual goberno é asumir esta responsabilidade de converter a ampliación nun acontecemento fausto na percepción dos austríacos, e non concentrarse soamente nos seus aspectos económicos.

---

(21) Salpeter, Eliahu: “The lie that produced Haider”, 2002.

## A neutralidade: resto histórico ou fundamento da identidade?

---

A neutralidade é outro punto na axenda política do actual goberno, pero os planos do chanceler Wolfgang Schuessel non representan a opinión dominante da cidadanía.

Aínda que Austria forma parte da Unión Europea, até o de agora mantén a súa posición neutral, garantida no acto histórico de 1955, que tamén garantiu a independencia de Austria e o remate da presenza das forzas aliadas.

A abolición da neutralidade, xunto cun posíbel acceso de Austria á OTAN, é idea do Partido Popular, pero está claro que a neutralidade austríaca é unha das bases fundamentais do Estado e que para cambiala o chanceler non vai poder ignorar o dereito dos austríacos a expresar a súa vontade nun referendo. E aínda que estas vontades vaian en dirección OTAN, tratouse de evitar o tema por mor da candidatura da actual ministra de Asuntos Exteriores, Benita Ferrero Waldner, á Presidencia Federal da República. Os resultados destas eleccións do 25 de abril de 2004 demostran, unha vez máis, que todo o relacionado coa neutralidade segue tendo unha importancia maior neste país, xa que, finalmente, foi elixido como presidente o candidato socialdemócrata Heinz Fischer, que se presentou como garante da conservación da neutralidade austríaca. Os resultados demostran tamén que os austríacos tentan manter certo equilibrio dentro do país, e que o sobredimensionamento do goberno de Wolfgang Schuessel esixiu unha compensación na parte demócrata, sendo certo, á vez, que se trata doutra proba de que se está a prolongar unha versión *light* da división de poder entre os dous partidos tradicionais.

## Estamos entre Sissi e Haider

---

Existe esta Austria das montañas, cunha inmensa riqueza natural, cunha cultura única, tanto no pasado como hoxe, e Viena segue a ser unha das capitais máis importantes do continente. Os austríacos souberon conservar a súa riqueza e os seus monumentos históricos, a música clásica e a arte seguen sendo un valor importante na cidade, que foi a capital da Bohemia europea durante moitos anos. Existen os cafés nos que os filósofos máis recoñecidos desenvolveron as súas ideas, e a Viena de hoxe non é tan diferente á daquel entón. Seica o único que lle falta hoxe é o ambiente cosmopolita e a valorización desta multitude de culturas e das diferenzas entre elas.

Pero no pobo austríaco existen medos e preocupacións forzados por intereses políticos. Por iso existe a Austria que se deixa influír por un populista poderoso como Joerg Haider, e por prexuízos desastrosos e irrespectuos cara “o outro”.

Tamén é certo que o pasado traumático do país foi ignorado durante décadas, que os austríacos vivían e viven coa mentira de ter sido vítimas, e que moitos se negan a recoñecer as súas responsabilidades. Porén, todo o que sucede en Austria arestora está dentro das marxes democráticas; pode que a alguén, persoalmente, non lle guste

Joerg Haider, pero é o gobernador elixido polo pobo de Carintia nunhas eleccións libres e lexítimas, respectando todas as limitacións do Estado de Dereito.

Se as persoas o votan, ten que ser por algo: pero este algo non é necesariamente a aprobación do racismo ou do antisemitismo. É sobre todo a política excluín-te do actual goberno, que deixa espallar medos e prexuízos, un proceso da historia austríaca que xa coñecemos. A política actual favorece este mecanismo, desfacéndose das responsabilidades sociais e dos poderes estatais que poden actuar en beneficio da xente máis pobre. Os recortes dos servizos do sector público e a renuncia ao Estado do Benestar non só afectan ás necesidades dos pobres, senón que ao mesmo tempo aumentan a perda da práctica democrática. É unha responsabilidade política, e o actual goberno non quere asumila. Un feito que vai determinar o futuro do país.

---

*Daniela Pichler é licenciada en Ciencias Políticas pola Universidade de Viena e realizou prácticas no Igadi.*

## Bibliografía

---

- BAILER-GALANDA, Brigitte: *Haider und die Freiheitlichen in Österreich*, Berlin: Elefant Press, 1997.
- BERNHARD, Thomas: *Heldenplatz*, Frankfurt am Main: Suhrkamp, 2003.
- BOTZ, Gerhard: *Österreich im 20. Jahrhundert: 1918 bis zur Gegenwart*, Dr.-u.-Verl.-Haus Thaur, 1998.
- BOTZ, Gerhard: *Nationalsozialismus in Wien: Machtübernahme und Herrschaftssicherung 1938/39*, Buchloe: Obermayer, 1988.
- DACHS, Herbert [Hrsg]: *Die Zweite Republik*, Wien, 1997.
- GERLICH, Peter [Hrsg]: *Österreichs Nachbarstaaten: innen-und außenpolitische Perspektiven*, Wien: Signum-Verl., 1997.
- HÖLL, Otmar [Hrsg]: *The Austrian presidency of the European Union: OIIP/TEPSA Conference*, Vienna, maio 1998.
- KRAMER, Helmut [Red]: *Österreich im internationalen System: Zusammenfassung der Ergebnisse und Ausblick*, Wien: Braumüller, 1983.
- KREISKY, Eva [Hrsg]: *Vom patriarchalen Staatssozialismus zur patriarchalen Demokratie*, Wien: Verl. für Gesellschaftskritik, 1996.
- PELINKA, Anton: *Austria: out of the shadow of the past*, Westview Press, 1998.
- PLASSER, Fritz [Hrsg]: *Wahlen und politische Einstellungen in Deutschland und Österreich*, Frankfurt a. M. [u.a.]: Lang, 1999.
- SULLY, Melanie A.: *The Haider phenomenon*, Columbia Univ. Press, 1997.
- WEINZIERL, Erika: *Gegen das Vergessen: [eine Dokumentation des Holocaust]*, München: Navigo Multimedia, 1997.